

CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
5320/2025	A Xunta de Goberno Local	19/12/2025

EN CALIDADE DE SECRETARIO/A DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

EXPEDIENTE 5320/2025. PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DO PRAZO ESTABLECIDO PARA XUSTIFICACIÓN NA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E GASTOS DE FUNCIONAMENTO DAS ASOCIACIÓN MUSICAIS E BANDAS DE GAITAS DO CONCELLO DE TUI NO EXERCICIO 2025, ATA O 31 DE MARZO DO 2026.

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

RESOLUCIÓN

ASUNTO : AMPLIACIÓN PRAZO DE XUSTIFICACIÓN NO PROCEDEMENTO DE SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E GASTOS DE FUNCIONAMENTO DAS ASOCIACIÓN MUSICAIS E BANDAS DE GAITAS DO CONCELLO DE TUI NO EXERCICIO 2025. (EXPTE: 5320/2025).

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 10 de outubro de 2025 aprobou as Bases Reguladoras da Convocatoria de subvencións para a realización de actividades e gastos de funcionamento das asociación musicais e bandas de gaitas do Concello de Tui no exercicio 2025.

Visto que de conformidade cos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, se publica o extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, núm. 198, de data 16 de outubro de 2025, e corrección de erros no BOPPO núm. 207 do 29 de outubro de 2025, sendo está última a data a partir do cal se computa o prazo de 15 días naturais establecidos na base 8.2 para que os interesados presenten as correspondentes solicitudes, rematando dito prazo o 13 de novembro de 2025.

Visto que na base 11, relativa á xustificación e pagamento, no seu apartado 11.2 Prazo de xustificación, textualmente establece: “ O prazo de xustificación finalizará o 31 de xaneiro de 2026, salvo que se conceda unha prorroga a instancia de parte. Este prazo poderá ser ampliado ata o 31 de marzo de 2026, como máximo, previa solicitude da persoa interesada presentada antes do 31 de decembro de 2025. O prazo tamén poderá ampliarse previa proposta razoada da unidade xestora”.



Visto que a esta data os expedientes aínda están en fase de instrución e que non se prevé a súa resolución con anterioridade ao 31 de decembro de 2025.

Visto que o artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, establece: *“1. La Administración, salvo precepto en contrario, podrá conceder de oficio o a petición de los interesados, una ampliación de los plazos establecidos, que no exceda de la mitad de los mismos, si las circunstancias lo aconsejan y con ello no se perjudican derechos de tercero. El acuerdo de ampliación deberá ser notificado a los interesados.”*

Visto que ampliación non prexudica a terceiros e se leva a cabo antes do vencemento do prazo para resolver.

Dado que é urxente e necesaria a súa aprobación por falta de prazo suficiente para a resolución da convocatoria

Á vista dos antecedentes, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL a proposta da Concelleira de Ensino, Cultura e Xuventude, Sonsoles Vicente Solla, **ACORDA:**

Primeiro.- Ampliar o prazo establecido para xustificación na Convocatoria de subvencións a realización de actividades e gastos de funcionamento das asociación musicais e bandas de gaitas do Concello de Tui no exercicio 2025, ata o 31 de marzo do 2026, e notificar o acordo ás persoas interesadas.

Segundo.- Publicar o acordo de ampliación no Boletín Oficial a Provincia mediante a BDNS.

E para que así conste, expido a presente en Tui, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, e coas salvedades e advertencias establecidas no artigo 206 do ROF.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

